



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	LEXISLACIÓN E ADMINISTRACIÓN SANITARIA	Código	651G01029	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias Biomédicas, Medicina e Fisioterapia			
Coordinación	Aristin Gonzalez, Jose Luis	Correo electrónico	luis.aristin@udc.es	
Profesorado	Aristin Gonzalez, Jose Luis	Correo electrónico	luis.aristin@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Con esta materia pretender dotar ao/ á fisioterapeuta dos coñecementos ético-legais que garantan a prestación da súa asistencia desde o respecto dos dereitos dos usuarios e sociedade en xeral. Así mesmo, posibilitase o coñecemento máis profundo da contorna sanitaria e dos deberes e dereitos como profesional sanitario. Por outra banda, preténdese dotar de ferramentas básicas de xestión para a consecución dunha atención fisioterápica de calidade en calquera ámbito asistencial, xa sexa pertencente ao sistema público ou ao exercicio libre. Por último, a materia proporciona o coñecemento básico da lexislación educativa xeral e específica para o desenvolvemento da función docente do fisioterapeuta.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer as vías de reclamación formais dos usuarios dos servizos sanitarios	A14 A19		C4
Coñecer e aplicar as bases jurí-dico-legais da atención sanitaria en España e en Galicia para o adecuado cumprimento dos deberes profesionais e a garantía dos dereitos dos usuarios e a poboación	A14 A18		C8
Identificar e defender os dereitos como fisioterapeuta en relación á atención sanitaria dos usuarios e ao traballo con outros profesionais sanitarios	A13 A14 A19		C4
Identificar a normativa académica tanto a nivel xeral como específica da Fisioterapia	A14 A17		C5 C8
Coñecer os niveis de xestión sanitaria e xestionar a atención de fisioterapia desde a procura da calidade total tanto no sistema público de saúde como no exercicio libre da profesión. Identificar os procedementos necesarios para a apertura dun centro de fisioterapia.	A14		C5
Coñecer os principios éticos fundamentais como fisioterapeutas na relación cos usuarios e a sociedade para desenvolver correctamente a súa vida profesional	A10 A13 A14 A17 A18 A19		C4 C8
Identificar a estrutura e funcionamento do sistema sanitario español	A13 A18 A19		C5 C8

Contidos
----------



Temas	Subtemas
TEMA 1. Normativa básica que sustenta o sistema sanitario español.	A Constitución Española. Lei Xeral de Sanidade
TEMA 2. Principios éticos fundamentais e responsabilidade sanitaria	Principios éticos fundamentais e responsabilidade sanitaria. Principios fundamentais na relación co paciente. Código deontolóxico. Cuestións deontológicas derivadas do exercicio profesional Segredo profesional Responsabilidade sanitaria profesional. Reclamacións xudiciais
TEMA 3. Modelos sanitarios. Sistema Sanitario Español	Características fundamentais do sistema sanitario español. Atención Primaria. Atención Especializada.
TEMA 4. O desenvolvemento normativo a nivel estatal	Lei 16/2003, de 28 de maio, de Cohesión e Calidade do Sistema Nacional de Saúde. Real Decreto 1030/2006, de 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización. Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.
TEMA 5. Normativa en Galicia. O sistema sanitario galego	Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, Estatuto de Autonomía. Ordenación sanitaria de Galicia- Lei 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia. O Servizo Galego de Saúde.
TEMA 6. Dereitos e deberes dos pacientes.	Lei 41/2002, de 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente de e de dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica.  Galicia: Lei 3/2001, de 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes (modificada por Lei 3/2005, de 7 de marzo). Decreto 205/2007, de 27 de setembro, polo que se regula o dereito á segunda opinión médica no sistema sanitario público galego. Outras normas.
TEMA 7. Dereitos e deberes dos profesionais de saúde.	Estatuto dos traballadores. Convenios colectivos. Dereitos e deberes do fisioterapeuta no seu labor asistencial. Lei 44/2003, de 21 de novembro, de Ordenación das Profesións Sanitarias. Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco do Persoal Estatutario dos Servizos de Saúde. Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. O persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.
Tema 8.- Regulación legal da Fisioterapia	Orde Ministerial de 26 de abril de 1973, modificada por Orde Ministerio de Sanidade e Consumo de 26 de decembro de 1986: Competencias e funcións do fisioterapeuta (Art. 70 e 71). Circular nº 4/91 de Atención Primaria de 25 de febreiro: Competencias e funcións do fisioterapeuta. Resolución de 18 de xuño de 1980 da Dirección Xeral de Traballo: Competencias e responsabilidade do fisioterapeuta ao establecer e aplicar tratamentos correspondentes á súa especialidade. BOE nº 254. Real Decreto 1277/2003 de 23/10/2003 Estatutos xerais do Consello Xeral de Colexios de Fisioterapeutas. Estatutos Colexio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia LEI 44/2003, de 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias. Orde Cin2135/2008



TEMA 9. Desenvolvemento da Fisioterapia como profesión liberal	<p>Creación de empresas.</p> <p>Plan de empresa para un centro de fisioterapia.</p> <p>Normativa do exercicio libre para un centro de fisioterapia.</p> <p>DOG nº 62. 01-IV-1998. DECRETO 97/1998, do 20 de marzo de 1998, polo que regula a publicidade sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <p>DOG. nº 20. 29-I-2009. CONSELLERÍA DE SANIDADE. Decreto 12/2009, do 8 de xaneiro, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios.</p> <p>Campos de acción. Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia</p>
TEMA 10. Xestión sanitaria en fisioterapia.	<p>Niveis de xestión.</p> <p>Xestión dunha unidade de fisioterapia.</p> <p>Introdución á Xestión da Calidade.</p>
TEMA 11. Evolución académica da fisioterapia en España	<p>Lexislación académica xeral.</p> <p>Lexislación académica específica.</p>
TEMARIO PRÁCTICO TEMA 1. Análise de normativas	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Exposición da actividade e obxectivos</li> <li>- Traballo sobre os materiais e consulta de dúbidas</li> <li>- Aclaracións finais</li> </ul>
TEMARIO PRÁCTICO TEMA 2. Estatuto dos traballadores e convenios colectivos do sector.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Exposición da actividade e obxectivos</li> <li>- Traballo sobre os materiais e consulta de dúbidas</li> <li>- Aclaracións finais</li> </ul>
TEMARIO PRÁCTICO TEMA 3. Inicio da actividade emprendedora. Plan de empresa	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Exposición da actividade e obxectivos</li> <li>- Traballo sobre os materiais e consulta de dúbidas</li> <li>- Aclaracións finais</li> </ul>
TEMARIO PRÁCTICO TEMA 4. Xestión dun centro/unidade de fisioterapia	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Exposición da actividade e obxectivos</li> <li>- Traballo sobre os materiais e consulta de dúbidas</li> <li>- Aclaracións finais</li> </ul>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A13 A14 A17 C5 C8	36	50	86
Prácticas de laboratorio	A10 A13 A17 A18 A19 C4	22	32	54
Traballos tutelados	A13 A14 A17 A19 C5	0	5	5
Proba obxectiva	A14 A18	2	0	2
Atención personalizada		3	0	3

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade reservarase a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p>



Prácticas de laboratorio	<p>Análise da normativa sanitaria e elaboración distintos procedementos, documentos ou tarefas administrativas ou de carácter normativo-legal.</p> <p>Metodoloxía que permite que os estudantes aprendan efectivamente a través da realización de actividades de carácter práctico, tales como resolución de supostos nos que deban tomar decisións de tipo legal, ético ou deontolóxico baseado nas diferentes fontes normativas. Inclúese tamén a elaboración de proxectos como plan de empresa para a apertura dun centro sanitario, etc.</p>
Traballos tutelados	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.</p>
Proba obxectiva	<p>Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa.</p> <p>A Proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.</p>

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba obxectiva Traballos tutelados Prácticas de laboratorio Sesión maxistral	Realizaráse atención personalizada a demanda en forma de tutorías, en relación coa temática das sesións maxistrais e coa realización dos traballos tanto en grupo como individuais.

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A14 A18	<p>A Proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.</p> <p>Avaliarase o coñecemento acadado polo estudantes ao finalizar as actividades formativas propostas. A puntuación será proporcional ao número de respostas correctas e ao número de erros cometidos.</p>	70
Traballos tutelados	A13 A14 A17 A19 C5	Valoraráse os contidos dos traballos tutelados realizados polos estudantes.	10
Prácticas de laboratorio	A10 A13 A17 A18 A19 C4	Valorarase cun 10% a asistencia, puntualidade, actitude, participación razoada e axuda e colaboración cos compañeiros durante estas sesións.	10
Sesión maxistral	A13 A14 A17 C5 C8	<p>Os contidos tratados nestas sesións serán obxecto de avaliación mediante o exame final e por tanto aparecen computados nesta guía dentro da proba obxectiva.</p> <p>Con todo, valorarase tamén cun 10% a asistencia, puntualidade, actitude, participación razoada e axuda aos compañeiros durante estas sesións.</p>	10

## Observacións avaliación



Será preciso para poder superar a materia, que o estudante faga entrega dos traballos tutelados programados polo profesor. Para superar a materia e promediar a puntuación obtida na avaliación continuada, será necesario acadar polo menos unha puntuación de 5 sobre 10 puntos na proba obxectiva.

As porcentaxes asignadas a cada metodoloxía poden sufrir pequenas modificacións dun curso a outro en función das necesidades da materia; non obstante o valor do exame nunca será inferior ao 70% da nota final e o valor da avaliación continuada nunca será superior ao 30%.

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Martínez Serrano,A. (1991). El derecho de los profesionales sanitarios . DIAZ DE SANTOS.Madrid</li> <li>- Medina Castellano, C.D. (2002). Etica y Legislacion. DAE. Madrid</li> <li>- Cortina, Adela (2013). ¿Para qué sirve realmente...? La Ética. PAIDOS. Barcelona</li> <li>- Rodríguez Rivera,F.E. (2012). Legislacion sanitaria española. MAD.Alcalá de Guadaira (Sevilla)</li> <li>- Martínez Ferrer, ...ett al. (2011). Legislacion sanitaria y deontologia para fisioterapeutas. ICOPV. Comunitat valenciana</li> <li>- Acosta Gallo,Pablo (2002). Salud.profesiones sanitarias y Constitucion española. MAPFRE.Madrid</li> <li>- Jiménez Orantes, Montse (1993). Legislacion/derecho sanitario. JIMS.Barcelona</li> <li>- Magro Servet, Vicente (2007). Guia práctica de responsabilidad sanitaria. LA LEY..Madrid</li> <li>- Brndariz Garcia,J.A., Faraldo Cabana,P. (2002). Responsabilidad penal de personal sanitario. UDC. La Coruña</li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- (). <a href="http://www.noticias.juridicas.com">http://www.noticias.juridicas.com</a>.</li> <li>- (). <a href="http://www.boe.es/legislacion/">http://www.boe.es/legislacion/</a>.</li> <li>- (). <a href="http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia/portalPublicoHome.do?fecha=20170713&amp;ruta=%2Fsrv%2Fwww%2Fdo%2FPublicados%2F2017%2F20170713%2FIndice133_gl.html">http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia/portalPublicoHome.do?fecha=20170713&amp;ruta=%2Fsrv%2Fwww%2Fdo%2FPublicados%2F2017%2F20170713%2FIndice133_gl.html</a>.</li> <li>- Cortina, Adela (2014). <a href="https://www.youtube.com/watch?v=F3LXHC6CMyc&amp;list=PLlgDng5XZKF6b-Z_ytLGpzhCOGKU3n02">https://www.youtube.com/watch?v=F3LXHC6CMyc&amp;list=PLlgDng5XZKF6b-Z_ytLGpzhCOGKU3n02</a>. 1ª , 2ª, 3ª y 4ª parte</li> <li>- Carlos Kasuga (2012). <a href="https://www.youtube.com/watch?v=-NH_HJzad-8">https://www.youtube.com/watch?v=-NH_HJzad-8</a>.</li> <li>- Yokoi Kenji (2017). <a href="https://www.youtube.com/watch?v=XPDGZdEMpF4&amp;list=PLw6Ge3_2oQeTFm02xc-QcNhYZIzlxUNI9">https://www.youtube.com/watch?v=XPDGZdEMpF4&amp;list=PLw6Ge3_2oQeTFm02xc-QcNhYZIzlxUNI9</a>.</li> </ul>

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

VALORACIÓN FUNCIONAL E PSICOSOCIAL/651G01007

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

DOCUMENTACIÓN E ESTADÍSTICA SANITARIA/651G01028

FISIOTERAPIA COMUNITARIA E SAÚDE PÚBLICA/651G01030

### Materias que continúan o temario

TRABALLO FIN DE GRAO/651G01034

ESTANCIAS CLÍNICAS II/651G01036

## Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías